

Acta núm. 35/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 1 de decembro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Carlos Noya Pereira.
José Luis Sampedro Bouzas.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 1 de decembro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 34/2020, DO 24.11.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 4º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 5º) ROGOS E PREGUNTAS

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 34/2020, DO 24.11.2020

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 24.11.2020, acta núm. 34/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANDRÉS MARTÍNEZ FONTÁNS, na que comunica que vai construír un peche na parcela con referencia catastral 15013A040000880000UU, de 22 metros lineais aproximadamente, con postes e arame, lindando coa vía pública e cunha altura de 1,80 metros medidos sobre a rasante natural do terreo.

A parcela na que se vai construír o peche atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección forestal, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1ª.2. da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- O peche situarase a 5 m. do eixo do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,05 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,62 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMIRO FERNÁNDEZ FREIRE, na que comunica que vai que reparar a cuberta da vivenda sita en Gundín 20, Os Ánxeles, substituíndo as tellas en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral núm. 5442801NH2454S0001KJ) na que se van executar as obras, atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de

núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 123,03 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 187,60 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por OLAYA QUEIRUGA SANTAMARIA, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar na Rúa da Pomba 7, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.05.2020 e documentación complementaria visada o 16.09.2020 e 12.11.2020.

A parcela onde se pretende executar a obra (referencia catastral núm. 6647323NH2464N0001ED), está situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Andrés Fernández Couce, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 15.05.2019 e documentación complementaria visada o 16.09.2020 e 12.11.2020.

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello (25,64 m2) que implica a pavimentación de todo o fronte da parcela por ambos lados e a execución das conexións de abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos

de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.000,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 3.096,03 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Cesar Borja Escudero González, que di actuar en representación de ROSA MARÍA LORENZO CAÍNZOS, na que solicita licenza para rehabilitar e cambiar o uso para oficina de farmacia, da edificación da Avd. de Noia 12, Os Ánxeles, segundo proxecto de reforma de edificación asinado polo arquitecto César Escudero González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.10.2020.

A edificación onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7048901NH2474N0001KJ), situase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano adscrito a viais principais, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución de autorización da Consellería de Sanidade de data 26/10/2020 (expediente 545/20) e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de reforma de edificación asinado polo arquitecto César Escudero González, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 19.10.2020.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar no Concello unha comunicación previa para o inicio da actividade consonte co disposto nos artigos 12.2 e 13 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, debendo achegar a seguinte documentación:

- 1.- Certificado final de obra asinado polo director da obra e visado.
- 2.- Informe favorable das conexións ás redes de abastecemento e saneamento emitido pola empresa concesionaria (Espina & Delfín).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.026,04 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.122,07 euros.

CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Francisco Nieto Pais, que di actuar en representación de JESÚS PENA SANTOS, na que solicita licenza de segregación dunha parcela sita no lugar de Ons, segundo o proxecto modificado de segregación redactado polo enxeñeiro agrónomo Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, visado núm. 14209-1, de data 12.11.2020.

Descrición da parcela de orixe:

Finca rexistral: 7787

Referencia catastral: nº 1789802NH2418N0001AG, nº 15013C502004650000JO e nº 1789805NH2418N0001GG.

Superficie: 4.748 m² segundo levantamento topográfico.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións segundo o PXOM:

.- 2.512 m² situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

.- 2.236 m² situados en solo rústico segundo aplicación da D.T. 1ª.2. d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: Camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural e Isolino Forján Cajuso (466).

Sur: Manuel Barca Esparís e outros (511) e Ovidio Noya Noya (512).

Leste: Manuel Currais Blanco (464).

Oeste: estrada de Negreira a Urdilde, Isolino Forján Cajuso (466) e as fincas 467 e 468 desta propiedade.

Sobre a parcela sitúase unha vivenda que ocupa unha superficie aproximada de 40 m².

Segregación pretendida:

Parcela cesión 1.

Superficie neta: 38 m².

Lindes:

Norte: Isolino Forján Cajuso (466).

Sur: Ovidio Noya Noya (512).

Leste: resto de finca matriz.

Oeste: estrada de Negreira a Urdilde.

Parcela cesión 2.

Superficie neta: 86 m².

Lindes:

Norte: camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Sur: resto da finca matriz.

Leste: Manuel Currais Blanco (464).

Oeste: finca 468.

Parcela 465-A

Superficie neta: 1.394 m².

Lindes:

Norte: terreo de cesión e despois camiño construído polo Servizo de Concentración Parcelaria e Ordenación Rural.

Sur: co resto da finca matriz (parcela 465-B procedente desta segregación)

Leste: Manuel Currais Blanco (464).

Oeste: Isolino Forján Cajuso (466) e as fincas 467 e 468.

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

Parcela 465-B

Superficie neta: 3.230 m².

Lindes:

Norte: con parcela 465-A procedente desta segregación e Isolino Forján Cajuso (466).

Sur: con Manuel Barca Esparís e outros (511) e Ovidio Noya Noya (512).

Leste: Manuel Currais Blanco (464).

Oeste: con terreo cedido e despois estrada de Negreira a Urdilde.

Sobre a parcela sitúase unha vivenda que ocupa unha superficie aproximada de 40 m².

Clasificación urbanística:

.- 994 m² de parcela neta situados dentro de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-2).

.- 2.236 m² situados en solo rústico segundo aplicación da D.T.1ª 2.d) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión do terreo de: 38,00 m² e 86,00 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González